

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE EDICIONS XERAIS DE GALICIA S.L. PARA A CELEBRACIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA "ÁNHEL FOLE"

Lugo, marzo de 2024

REÚNENSE

Dunha parte, Dona Tareixa A. Ferreiro Tallón, con NIF 32.773.589-S, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e enderezo en praza Maior s/n, actuando en calidade de Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, e

Doutra parte, Don Francisco Alonso Villaverde, con DNI núm. 36057772M, na súa calidade de Director da entidade EDICIONS XERAIS DE GALICIA S.A. con NIF A36617496, con enderezo na rúa Doutor Marañón, 12, baixo 36211 Vigo, Pontevedra, recoñecéndose as dúas partes capacidade para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN,

MANIFESTAN

Que o Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha a fins de 2023 a convocatoria do Certame de Narración Curta Ánxel Fole e prevese a súa resolución no primeiro trimestre de 2024. Trátase dun certame moi arraigado en Galicia e con importante traxectoria que chega á súa vixésimo sexta edición. Nel prémianse a orixinalidade, a variedade de tipoloxía textual, as polifonías narrativas, a dificultade na estrutura, a calidade das voces narrativas e outros aspectos que sexan salientables a criterio dos membros do xurado.

O artigo. 48.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a subscrición de convenios co fin de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira. Visto o interese da entidade EDICIONS XERAIS DE GALICIA, S.A. por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento do Certame de Narración Curta "Ánxel Fole", ambas as partes acordan asinar este Convenio de Colaboración, acolléndose ao contemplado no artigo. 47.2.c) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico local do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública, organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o artigo. 25.1 da lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

XMCR/crb

Refª: Convenio CONCELLO de LUGO e EDICIONS XERAIS DE GALICIA

Asunto: CERTAME DE NARRACIÓN CURTA "ÁNHEL FOLE" LUGO

CONVEÑEN

PRIMEIRO.- O obxecto deste convenio é a colaboración entre o CONCELLO DE LUGO e EDICIÓN XERAIS DE GALICIA, S.A. con motivo do Certame de Narración Curta "Ánxel Fole", que se convocará no último mes de 2023 e que se resolverá no primeiro trimestre de 2024. A celebración desta actividade cultural, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDO.- Como parte desta colaboración, a entidade EDICIÓN XERAIS DE GALICIA, S.A. comprométese á publicación da primeira edición do texto que obteña o premio. Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta a exención prevista. A autora ou autor recibirá gratuitamente trinta (30) exemplares da primeira edición e o Concello de Lugo cen (100).

TERCEIRO.- Pola súa parte, o Concello de Lugo comprométese a atender os seguintes aspectos no tocante á composición do xurado que se recollen no punto oitavo das bases: O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, designadas pola Tenenta de Alcaldesa da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, unha delas* a proposta de Edicións Xerais de Galicia. Con voz e sen voto, formarán tamén parte do xurado a Concelleira de Cultura e unha funcionaria ou funcionario que ela designe e que actuará como secretaria ou secretario.

* 1) Cando se vaia formar o xurado, Xerais propondrá tres nomes, listados por orde de preferencia, para que formen parte dese xurado. Unicamente unha delas formará parte do xurado. Desas tres persoas, algunha podería ser da editorial pero o máis frecuente é que sexan alleas a ela (escritoras ou escritores, críticas ou críticos, profesoras ou profesores, dinamizadoras ou dinamizadores culturais, etc.).

2) Será o Concello de Lugo quen contacte coas persoas desa listaxe (por orde de preferencia) para propoñerlles formar parte do xurado ata que unha delas acepte.

3) As condicións para esa/e membro do xurado proposto por Xerais serán as mesmas que para o resto das/os membros do xurado con quen contacta directamente o Concello de Lugo.

4) O Concello de Lugo informará a Xerais da composición da totalidade do xurado a través de correo electrónico en canto estea formado.

5) Cando se produza o ditame do xurado, o Concello de Lugo informará a Xerais, cando menos, ao mesmo tempo que aos medios de comunicación.

6) Cada edición, o Concello de Lugo informará a Xerais da convocatoria do premio e enviaralle as bases á editorial para o seu coñecemento e difusión.

CUARTO.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Será causa de extinción do convenio igualmente as expostas no artigo. 51.2 da lei 40/2015.

QUINTO.- Este convenio ten a consideración de convenio de colaboración, e non constitúe en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seu réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTO.- As dúbidas que se presenten na interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. No caso de que persista a discrepancia, esta será resolta pola Ilma. Sra. concelleira, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser obxecto dos recursos correspondentes.

SÉTIMO.- Este Convenio non será prorrogable e estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o día 31 de marzo de 2024 ou, en todo caso, ata o momento no que se obteña o ditame do xurado.

Por todo o exposto, asinan as partes o presente convenio en proba da conformidade arriba expresada.

A TENENTA DA ALCALDESA DELEGADA
DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E
PROMOCIÓN DA LINGUA DO CONCELLO
DE LUGO

O DIRECTOR DE EDICIÓN XERAIS
DE GALICIA, S.A.

Francisco Alonso Villaverde
Francisco Alonso Villaverde [5 mar., 2024 20:39 GMT+1]

Asdo.: Tareixa A. Ferreiro Tallón

Asdo: Francisco Alonso Villaverde

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA
XMCR/crb
Refª: Convenio CONCELLO de LUGO e EDICIONS XERAIS DE GALICIA
Asunto: CERTAME DE NARRACIÓN CURTA "ÁNHEL FOLE" LUGO






Convenio Concello de Lugo Ánxel Fole

Informe de auditoría final

2024-03-05

Fecha de creación:	2024-03-05
Por:	Francisco Alonso Villaverde (falonso@xerais.gal)
Estado:	Firmado
ID de transacción:	CBJCHBCAABAAzS-jnzbjA3iUbALTCaZZpptXVMANYnfx

Historial de "Convenio Concello de Lugo Ánxel Fole"

-  Francisco Alonso Villaverde (falonso@xerais.gal) ha creado el documento.
2024-03-05 - 19:28:16 GMT- Dirección IP: 2.155.238.142.
-  El documento se ha enviado por correo electrónico a Francisco Alonso Villaverde (falonso@xerais.gal) para su firma.
2024-03-05 - 19:29:34 GMT
-  Francisco Alonso Villaverde (falonso@xerais.gal) ha visualizado el correo electrónico.
2024-03-05 - 19:30:01 GMT- Dirección IP: 40.94.88.126.
-  Francisco Alonso Villaverde (falonso@xerais.gal) ha firmado electrónicamente el documento.
Fecha de firma: 2024-03-05 - 19:30:40 GMT. Origen de hora: servidor.- Dirección IP: 2.155.238.142.
-  Documento completado.
2024-03-05 - 19:30:40 GMT